



Universidade de Vigo

**O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) participa no acordo transformativo entre a CRUE - CSIC e a editorial Wiley.**

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) constituído polas tres universidades e a Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, e a Universidade de Vigo, co obxectivo de impulsar a cooperación das tres institucións universitarias participou activamente nos traballos que permitiron acadar o acordo transformativo entre Crue Universidades Españolas-CSIC e a editorial John Wiley & Sons.

Os acordos transformativos con editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ó progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia (*Open Science*).

Para as universidades, o acordo permítelles dispoñer de acceso de lectura a tódalas revistas científicas de Wiley, ao tempo que impulsa o aumento das publicacións dos seus investigadores en acceso aberto. Ademais, estímase que habilitará o acceso aberto, eliminando o custo de APC (*Article Processing Charges*), a preto das dúas terceiras partes dos artigos publicados polas institucións participantes nas revistas científicas do editor con modelo de subscripción que ofrecen esta posibilidade coma opción (Híbridas). O acordo estende a súa vixencia aos artigos que vaian a ser publicados en 2021 sempre que foran aceptados despois do 1 de xaneiro de 2021.